

*Proxecto de ORDE do X de xxxxxxx de 20XX pola que se regula a sinalización das prohibicións establecidas na Lei 6/2025, do 23 de decembro, de protección da saúde das persoas menores e prevención das condutas adictivas.*

O Estatuto de autonomía para Galicia, aprobado pola Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, establece a competencia da Comunidade Autónoma para o desenvolvemento legislativo e a execución da lexislación básica do Estado en materia de sanidade interior. No seu artigo 33.1 establece as competencias para facer efectivo o dereito constitucional á protección da saúde.

No marco da dita competencia, a Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, establece no seu artigo 34 como intervencións públicas que poderán ser exercidas polas autoridades sanitarias competentes sobre as actividades públicas e privadas que directa ou indirectamente poidan ter consecuencias para a saúde, a de "establecer prohibicións e requisitos mínimos para o uso e tráfico de bens e produtos cando supoñan un prexuízo ou ameaza para a saúde".

A Lei 6/2025, do 23 de decembro, de protección da saúde das persoas menores e prevención das condutas adictivas, enmárcase no contexto das políticas de saúde pública que as administracións públicas deben promover e completar con programas de prevención e control, segundo o mandato especificado no seu articulado.

En cumprimento do disposto nos artigos 26.1, 31.3, 37.7 e 38.2 da citada Lei 6/2025, do 23 de decembro, resulta necesario regular a sinalización das limitacións relacionadas con venda e subministro de bebidas alcohólicas e enerxéticas, produtos do tabaco e produtos relacionados co tabaco e videoxogos, así como co acceso de persoas menores de idade a centros de produción de bebidas alcohólicas



e o acceso de persoas menores de 16 anos a establecementos de lecer e entretemento e a espazos destinados a espectáculos musicais.

En consecuencia, de acordo co Consello Consultivo e de conformidade coas facultades que me confiren os artigos 34.6 e 38 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia

DISPOÑO:

#### *Artigo 1. Obxecto*

A presente orde ten por obxecto establecer as características xerais e os modelos dos anuncios ou carteis de sinalización necesarios para dar cumprimento ao disposto nos artigos 26.1, 31.3, 37.7 e 38.2 da Lei 6/2025, do 23 de decembro, de protección da saúde das persoas menores e prevención das condutas adictivas.

#### *Artigo 2. Ámbito de aplicación*

Esta orde será de aplicación no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.

#### *Artigo 3. Características xerais da sinalización*

A sinalización esixida nos supostos previstos no obxecto da presente orde debe cumprir as seguintes características:

a) Realizarse mediante anuncios ou carteis de carácter permanente, redactados en galego e castelán, que incluírán a referencia normativa correspondente.



b) Os anuncios ou carteis instalaranse nos accesos aos establecementos, de forma que sexan visibles desde o interior e o exterior, con independencia de que as portas de entrada atópanse abertas ou pechadas.

c) Os anuncios ou carteis poderán imprimirse en orientación vertical ou horizontal, de forma que poidan adaptarse con maior facilidade aos distintos espazos a sinalizar. Tamaño: DIN-A4 ou superior.

#### *Artigo 4. Modelos de sinalización*

1. Os supostos de sinalización serán os seguintes e os modelos dos anuncios ou carteis figuran nos anexos que se indican:

a) Anexo I. Sinalización relativa ás bebidas alcohólicas:

- Modelo Ia. Prohibición de venda e subministración de bebidas alcohólicas a persoas menores de idade (horizontal).
- Modelo Ib. Prohibición de venda e subministración de bebidas alcohólicas a persoas menores de idade (vertical).
- Modelo IIa. Prohibición de acceso de persoas menores de idade a centros de produción de bebidas alcohólicas (horizontal).
- Modelo IIb. Prohibición de acceso de persoas menores de idade a centros de produción de bebidas alcohólicas (vertical).
- Modelo IIIa. Prohibición de acceso de persoas menores de 16 anos (horizontal).



- Modelo IIIb. Prohibición de acceso de persoas menores de 16 anos (vertical).

b) Anexo II. Sinalización relativa aos produtos do tabaco e produtos relacionados co tabaco:

- Modelo IVa. Prohibición de venda e subministración a persoas menores de idade de produtos do tabaco e produtos relacionados co tabaco (horizontal).
- Modelo IVb. Prohibición de venda e subministración a persoas menores de idade de produtos do tabaco e produtos relacionados co tabaco (vertical).

c) Anexo III. Sinalización relativa ás bebidas enerxéticas:

- Modelo Va. Prohibición de venda e subministración de bebidas enerxéticas a persoas menores de idade (horizontal).
- Modelo Vb. Prohibición de venda e subministración de bebidas enerxéticas a persoas menores de idade (vertical).

d) Anexo IV. Sinalización relativa aos videoxogos:

- Modelo VIa. Información sobre a clasificación por idades dos videoxogos (horizontal).
- Modelo VIb. Información sobre a clasificación por idades dos videoxogos (vertical).



2. Na páxina web da Consellería de Sanidade (<https://www.sergas.gal/Saude-publica/Drogas>) estarán ao dispor das persoas interesadas os modelos de sinalización adaptados ao previsto na presente orde.

Disposición adicional única. *Actualización dos modelos normalizados de anuncios ou carteis de sinalización*

Os anuncios ou carteis de sinalización previstos nos anexos poderán ser actualizados co fin de mantelos adaptados á normativa vixente. Para estes efectos, será suficiente a publicación dos modelos actualizados na web da Consellería de Sanidade, onde estarán permanentemente accesibles para todas as persoas interesadas, sen que sexa necesaria unha nova publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa*

Queda derogada a Orde do 1 de marzo de 2012, pola que se regula a sinalización das limitacións no consumo, venda e subministración de bebidas alcohólicas en locais comerciais de Galicia, así como cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto na presente orde.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor*

Esta orde entrará en vigor ao mes da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela,

O Conselleiro de Sanidade,

Antonio Gómez Caamaño



## ANEXO I


### Sinalización relativa ás bebidas alcohólicas

Modelo Ia. Prohibición de venda e subministración de bebidas alcohólicas a persoas menores de idade (horizontal)





Modelo Ib. Prohibición de venda e subministración de bebidas alcohólicas a persoas menores de idade (vertical)



Lei 6/2025, do 23 de decembro


# Prohibidas bebidas alcohólicas

Prohibida a **venda e  
a subministración** de  
bebidas alcohólicas  
**a persoas menores de idade**

Prohibida la venta y el suministro de bebidas alcohólicas  
a personas menores de edad

© Xunta de Galicia

**XUNTA  
DE GALICIA**

  
Xocobeo 2027



Modelo IIa. Prohibición de acceso de persoas menores de idade a centros de produción de bebidas alcohólicas (horizontal)





Modelo IIb. Prohibición de acceso de persoas menores de idade a centros de produción de bebidas alcohólicas (vertical)



Lei 6/2025, do 23 de decembro. Art. 28

**Prohibido  
o acceso a  
menores  
de idade**

Deseño: Michel Aguayo

 XUNTA  
DE GALICIA

Prohibido el acceso a **menores de edad**

 Xacobeo 2027



Modelo IIIa. Prohibición de acceso de persoas menores de 16 anos (horizontal)





Modelo IIIb. Prohibición de acceso de persoas menores de 16 anos (vertical)



Lei 6/2025, do 23 de decembro. Art. 29

**Prohibido  
o acceso a  
menores  
de 16 anos**

Diseno: Isabel Aguayo

 XUNTA  
DE GALICIA

Prohibido el acceso a menores de 16 años

 Xacobeo 2027



## ANEXO II

### Sinalización relativa aos produtos do tabaco e produtos relacionados co tabaco

Modelo IVa. Prohibición de venda e subministración a persoas menores de idade (horizontal)

**Prohibida  
venta e  
subministración**  
de tabaco e produtos  
relacionados a persoas  
**menores de 18 anos.**

Fumar é causa de enfermidade e morte.

XUNTA DE GALICIA

Xacobeo 2027

Lei 6/2025, do 23 de decembro  
Lei 28/2005, do 26 de decembro

Prohibida la venta y el suministro de tabaco y productos relacionados a personas menores de 18 años.  
Fumar es causa de enfermedad y muerte.



Modelo IVb. Prohibición de venda e subministración a persoas menores de idade (vertical)



Lei 6/2025, do 23 de decembro  
Lei 28/2005, do 26 de decembro

# Prohibida venta e subministración

de **tabaco e produtos**  
**relacionados** a persoas  
**menores de 18 anos.**

Fumar é causa de enfermidade e morte.

Prohibida la venta y el suministro de tabaco y productos relacionados  
a personas menores de 18 años.  
Fumar es causa de enfermedad y muerte.



Desenho: Mariela Paganon



## ANEXO III

### Sinalización relativa ás bebidas enerxéticas

Modelo Va. Prohibición de venda e subministración de bebidas enerxéticas a persoas menores de idade (horizontal)

**Lei 6/2025, do 23 de decembro**

**Prohibidas  
bebidas  
enerxéticas**

Prohibida a venda  
e a subministración  
de bebidas enerxéticas  
**a persoas  
menores de idade**

O seu consumo pode supoñer  
un risco para a súa saúde


Prohibida la venta y el suministro  
de bebidas energéticas a personas menores de edad  
Su consumo puede suponer un riesgo para su salud

XUNTA  
DE GALICIA

Xacobeo 2027



**Modelo Vb. Prohibición de venda e subministración de bebidas enerxéticas a persoas menores de idade (vertical)**



Lei 6/2025, do 23 de decembro

# Prohibidas bebidas enerxéticas

Prohibida a  
venda e a subministración  
de bebidas enerxéticas  
**a persoas menores de idade**

O seu consumo pode supoñer  
un risco para a súa saúde

Prohibida la venta y el suministro de bebidas energéticas  
a personas menores de edad  
Su consumo puede suponer un riesgo para su salud

XUNTA  
DE GALICIA

Xacobeo 2027

Centro Mariño



## Anexo IV

### Sinalización relativa aos videoxogos

Modelo VIa. Información sobre a clasificación por idades dos videoxogos (horizontal)

Lei 6/2025, do 23 de decembro

**Asegúrese de que a compra do videoxogo se adecúa á idade**


XUNTA DE GALICIA

Xacobeo 2027

Asegúrese de que la compra del videojuego se adecúa a la edad




Modelo VIb. Información sobre a clasificación por idades dos videoxogos (vertical)




Lei 6/2025, do 23 de decembro

# Asegúrese de que a compra do videoxogo

**se adecúa á idade**

 XUNTA  
DE GALICIA

 Xacobeo 2027

Asegúrese de que la compra del videojuego se adecúa a la edad

Deseño: Mabel Aguiar